

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FLAVIA (PADRÓN).
CURSO: 3º E. P.
DATA: 5 DE MAIO DE 2.020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e cuidando a presentación.	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área.	LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómics.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coas operacións básicas (suma, resta, multiplicación) na resolución de problemas contextualizados.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.
	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC
B2.4.Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1.Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
B2.7.Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	CSB2.7.1.Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.

2. Avaliación e cualificación

<p>Avaliación</p>	<p>A avaliación será global, formativa, individualizada e integradora. Valorarase o rendemento académico do alumnado, tendo en conta a súa situación particular, na secuenciación do traballo das tarefas de recuperación, repaso e reforzo, na situación que requiren das Tecnoloxías da información e da comunicación.</p>
	<p>Procedementos: Observación sistemática e valoración por escrito da recompilación de materiais. Subida de tarefas de repaso e reforzo á web do centro, seguimento e recollida das mesmas a través do correo electrónico.</p>
	<p>Instrumentos: Diario do profesor (tanto en formato papel coma en dixital). Anotacións sobre as actividades do alumnado. Instrumentos dixitais (web de centro e correos electrónicos).</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Procederase a facer a media aritmética do 1º e 2º trimestre, á cal se lle engadirá a presentación de tarefas e actividades neste 3º trimestre, que serán valoradas positivamente en beneficio do alumnado. A cualificación quedaría ponderada do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación → 70% - Presentación e valoración de traballos no 3º trimestre → 30% <p>Unha avaliación positiva do terceiro trimestre suporá a recuperación das materias pendentes das avaliacións anteriores.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Lectura de textos.- Actividades de comprensión lectora.- Producción de textos escritos axeitados á súa idade, de situacións cotiás de relación social e de opinión.- Actividades do libro de texto.- Actividades para a mellora da escritura respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.- Resolución de problemas.- Actividades de Matemáticas divertidas.- Actividades de cálculo e operacións básicas.- Actividades de observación de imaxes e vídeos.- Realizar traballos de investigación dun tema, buscando a información en páxinas web, para a elaboración de fichas sobre dito tema (ex: os animais).- Interpretación de refráns relacionados co tema dos animais.- Resolver pasatempos relacionados co tema (pasapalabras, encrucillados, sopas de letras, escape room das Letras Galegas 2.020, etc.).- Investigar datos da súa localidade, comparar características de cidades e vilas.- Actividade sobre as eleccións municipais.- Realización de actividades artísticas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será ecléctica e inclusiva, permitindo integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas de repaso e reforzo do 1º e 2º trimestre.</p> <p>Teranse en conta os distintos ritmos de aprendizaxe e o principio da diversidade tanto na proposta de actividades coma na resolución das mesmas.</p> <p>Prestarase atención individualizada e personalizada do alumnado a través dos distintos mecanismos e plataformas co afán de lograr o maior rendemento do alumnado.</p> <p>Tamén se terá en conta a atención á diversidade, atendendo ás circunstancias persoais de cada familia con conectividade (a través da web do centro e o correo electrónico habilitado para a ocasión) e sen conectividade (a través de Protección Civil, no reparto de libros; e Asistente Social, na entrega de tarefas).</p> <p>Toda esta metodoloxía parte dunha proposta didáctica globalizadora que atende ás características particulares do alumnado, nesta etapa onde a educación emocional cobra un papel relevante nestes momentos tan particulares.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaranse os libros de texto, dispositivos dixitais (teléfono móbil, ordenador, tablet...), a aplicación abalarmóbil, a web do centro e os correos electrónicos, para estar en comunicación constante coas familias.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase a través de web do centro e a aplicación abalarmóbil no apartado de mensaxería.
Publicidade	Esta adaptación da programación será publicada na web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipflavia/